

## NORMAS XERAIS ESO

- A primeira incorporación da mañá ás aulas e todas as que se producen ao longo da xornada deben levarse a cabo coa máxima puntualidade. O alumnado debe estar nas aulas ás 8:20 h de luns a venres, ás 15:40 h os martes. O timbre tocará ás 8:15 h pola mañá, ás 15:35 h pola tarde para que comecen a subir ás aulas. Ás tres faltas de puntualidade farase un parte de incidencias e a partir da sexta un parte leve coas correspondentes sancións.

O alumnado non poderá saír do recinto escolar en horario lectivo sen o acompañamento dun adulto responsable do alumno/a. O alumno/a que sabe de antemán que o veñen recoller para saír do centro a unha determinada hora e trouxo o correspondente aviso, dirallo ao profesor/a cando chegue a hora para baixar a portería, e alí esperará a que o veñan buscar. A persoa que recolla ao dito alumno/a ten que firmar o rexistro correspondente que está en portería.

- As faltas de asistencia do alumnado notificaranse por escrito ao titor/a con antelación, se é posible, e se xustificarán por escrito cando se incorpore a clase. Se un alumno/a falta a clase máis de tres días deberá traer un xustificante médico.
- Os pais, nais ou titores legais deben advertir por escrito (certificado médico oficial, resolución xudicial,...) de situacións persoais que afectando soamente a seu fillo/a requiran algunha medida especial.
- Todos os membros da comunidade escolar virán aseados e vestidos de forma adecuada para estar nun centro educativo (por exemplo: non se poden traer bañadores, chanclas de praia etc)
- Respectar os bens e instalacións do centro, procurando manter os obxectos, lugares e material limpo e ordenado. Os danos causados intencionadamente no material e instalacións intencionadamente serán reparados con cargo á familia do alumno/a.
- O alumnado deberá manter en todo momento, tanto durante as clases, como nos recreos e nas entradas e saídas do centro, unha actitude correcta e respectuosa con todo o persoal así como cos compañeiros, facendo uso das normas de convivencia.

## NORMAS XERAIS ESO

- O alumnado que non asista ás actividades complementarias, deberá asistir a clase con normalidade e realizar as tarefas que se lle indiquen. Se o motivo da ausencia a clase non é debidamente xustificado, considerarase falta inxustificada.
- Non están permitidos os aparellos electrónicos (móviles, reprodutores de música, vídeo xogos, cámaras, reloxo intelixentes ...) no recinto escolar. Os profesores/as recollerán a primeira hora os aparellos electrónicos e gardaranos nunha caixa e non se devolverán ata a hora da saída. Se algún alumno/a non entrega o aparello electrónico, abríraselle un parte de incidencias, leve ou grave (dependendo da acción).
- O alumnado ten que manter e axudar a manter nas aulas un clima de concentración, atención e silencio que posibilite o estudo e a aprendizaxe. Por iso, nas clases está prohibido todo aquilo que dificulte un desenvolvemento correcto do labor educativo: falar en clase; levantarse inxustificadamente; exhibir obxectos que poidan distraer os máis; comer, excepto por motivos médicos xustificados; realizar traballos correspondentes a outras materias diferentes da que se estea impartindo etc.
- O alumnado debe dispoñer na aula de todo o material necesario para a materia que se estea impartindo e terá que levar chándal para as clases de Educación Física. Non poderá ir a outras clases a pedir o material que lle falte.
- Cada profesor/a o titor/a ten unhas horas para falar coas familias (con aviso previo na axenda), as devanditas horas comunicaranse na reunión de principio de curso. Se algunha familia non pode nesas horas comunicarao a través da axenda para concertar outra cita.
- É obrigatorio ter a axenda do colexio: medio de comunicación entre profesores/as e familia, organización dos deberes e dos exames por parte do alumnado. As normas aparecen na axenda. Non ter a axenda ou negarse a darlla ao profesorado será motivo dun parte de faltas.
- O alumnado ou as súas respectivas familias poderán formular queixas razoadas e de forma adecuada ao profesorado de área, titor/a ou dirección por esta orde. Deberá facerse no modelo que facilita o centro.

## NORMAS XERAIS ESO

- O profesorado só administrará medicinas recitadas como tratamento continuado, que non sexa inxectable, e que poida administrarse a xuízo do médico por calquera persoa da que dependa o coidado do menor, sempre que obre en poder do centro, e por tanto da persoa responsable, a receita ou indicación médica co detalle do número de doses, frecuencia no seu suministro, protocolo etc.